

ES GALEG@?

CURSA O TEU MÁSTER AQUI



Eu ♥
Vigo

Eu ♥
Ferrol

Nunca
choveu
que non
escampara

Prazo de
solicitudes
xaneiro a
abril 2026



Bolsas Excelencia
Mocidade Exterior
MESTRADO



**XUNTA
DE GALICIA**

BOLSA EXCELENCIA MOCIDADE EXTERIOR EN 10 PREGUNTAS 2026/2027

1.

Que se ofrece?

250 bolsas

para cursar un máster universitario
dun ano ou ano e medio en modalidade
presencial ou semipresencial.

2.

Que másteres?

+90 másteres

nas tres universidades públicas de Galicia:
Universidade da Coruña, Universidade de Vigo e
Universidade de Santiago de Compostela.

3.

Cal é a contía?

Dotación total da bolsa 2026

Nº Créditos ECTS	Nº Cursos	Europa	Resto países
60 - 72	1	8.000 €	8.500 €
90	1,5	11.750 €	12.500 €

4.

Que gastos está previsto que cubra?

Co importe que percibes da bolsa debes
afrontar os seguintes gastos:

- **Taxas e matrícula universitaria do máster.**
- **Traslado a Galicia.**
- **Custos de aloxamento e manutención.**



5.

Cales son os requisitos para solicitar a bolsa?

Nacionalidade española e menor de 40 anos

Vínculo con Galicia nalgunha destas modalidades:

1. Nacemento.

2. Consanguinidade.

3. Residencia continuada por máis de cinco anos antes de emigrar.

Titulación universitaria que dea acceso a un título de máster.

Residencia fóra de España ao momento de presentarse e nos últimos 24 meses.

Para ser beneficiario/a, é necesario estar admitido/a e matriculado/a nun máster do listado ofertado antes dos primeiros días de agosto.

6.

Que documentación necesito presentar?

› DNI español ou pasaporte español.

› Certificado de nacemento, DNI ou pasaporte español da persoa solicitante

› Certificado de nacemento de todos os familiares en liña ascendente desde a persoa solicitante ata chegar á persoa nada en Galicia.

› Documentación acreditativa de residencia en Galicia durante 5 anos continuados (histórico do padrón municipal).

› Título universitario/diploma ou certificado de título en trámite.

• Certificado do expediente académico con todas as materias cursadas e as cualificacións obtidas.

• Escala de avaliación/cualificación e nota mínima (para títulos obtidos fóra de España).

• Declaración de Equivalencia da Nota Media (para títulos obtidos fóra de España).

› Certificado de inscrición de matrícula no Rexistro de Matrícula Consular, certificado de residencia histórico emitido en país de orixe, recibos de salario ou nóminas, historia laboral.

› Formalizar a matrícula no prazo establecido. Achegar o xustificante de matrícula a través da plataforma BEME. A matrícula pagarase despois de recibir o importe da bolsa.

7.

Como se presenta a solicitude da bolsa?

Debes presentar a solicitude en liña na Plataforma do Programa BEME.

Nesta plataforma debes achegar toda a documentación requirida do punto 6. Non tes por que ter decidido que máster cursarás para presentar a túa solicitude.

IMPORTANTE: unha vez que presentes a túa solicitude poderás seguir subindo o resto da documentación.

[Solicitar aquí.](#)

9.

Cando saberei se son beneficiario/a da bolsa BEME?

A comezos de agosto de 2026.

10.

A partir de cando podo viaxar a España?

A partir do momento en que presentes a solicitude da bolsa con toda a documentación necesaria.

É requisito imprescindible que residas fóra de España no momento de solicitar a bolsa.

[Para ler a información completa da convocatoria dirixete aquí.](#)

8.

Como se tramita a admisión ao máster na universidade?

Debes xestionar coa universidade todos os procedementos relacionados coa preinscrición e matrícula dos másteres que che interesen.

Revisa requisitos e prazos con cada unha das universidades.



FASES DA CONVOCATORIA

Prazo de solicitudes:
xaneiro – abril 2026

1
FASE

1. PRESENTAR A SOLICITUDE

na plataforma en liña.

2. ACHEGAR DOCUMENTACIÓN

requirida no punto 6.

3. SOLICITAR NA UNIVERSIDADE CORRESPONDENTE A ADMISIÓN / PREINSCRIPCIÓN

nun máster ofertado nesta convocatoria.

2
FASE

1. PRAZO DE ACHEGA DE DOCUMENTACIÓN.

Unha vez presentada a solicitude, poderás continuar achegando a documentación restante ata que se publique a listaxe provisional.

2. PUBLICACIÓN DE LISTADOS:

Listaxe provisional de

solicitudes admitidas e excluídas:

xuño. (5 días hábiles para emendar documentación restante).

Listaxe provisional das

250 persoas candidatas + suplentes + excluídas:

xuño/xullo (5 días hábiles para alegacións).

Listaxe definitiva de

persoas candidatas á bolsa, suplentes e excluídas.

FASE
3

PERÍODO DE MATRICULACIÓN EN UNIVERSIDADES:

Prazo para subir o xustificante de matrícula á plataforma en liña:

Finais de xullo – principios de agosto.

4
FASE

NOTA INFORMATIVA con listado de persoas beneficiarias da bolsa:

agosto.

RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN:

listaxe definitiva de persoas beneficiarias, suplentes e solicitudes denegadas: **setembro.**

PRAZO RENUNCIAS SEN PENALIZACIÓN:

15 setembro.

ACHEGA DE XUSTIFICANTES:

Traslado a Galicia, certificado de titularidade de conta bancaria española, declaración de axudas documento emitido pola Oficina Integral de Asesoramiento e Seguimento ao Retorno.

Ata o 31 de outubro.

PAGO DE BOLSAS:

outubro – novembro.

CALENDARIO DAS FASES DA CONVOCATORIA

FEBREIRO

1

MARZO

1

ABRIL

1

MAIO

2

XUÑO

2

XULLO

2 3

AGOSTO

3 4

SETEMBRO

4

OUTUBRO

4

NOVEMBRO

4



Bolsas Excelencia
Mocidade Exterior
MESTRADO



XUNTA
DE GALICIA